

MEMORIA DIXITAL DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE GALEGA DE PROFESIONAIS DA ILUSTRACIÓN (AGPI) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO SECTOR DA ILUSTRACIÓN E DO DÍA DA ILUSTRACIÓN NO ANO 2025

O Director Xeral de Cultura e referido ao convenio que se pretende formalizar entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI),

DECLARA:

Que ten como **vixencia** dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que ten o seguinte **obxecto**:

A realización de diversas actividades culturais de promoción do sector da ilustración en 2025 como o XXII Encontro Galego de Ilustración ou as actividades para conmemorar o Día da Ilustración.

Actuacións:

1. Actividades para a celebración do XXII Encontro Galego da Ilustración
2. Actividades de promoción e divulgación do Día da Ilustración: dedicado a Xosé Vizoso
3. Remodelación da web de AGPI
4. Reimpresión da nova Guía Ninja

Que se basea na seguinte **fundamentación xurídica**:

-De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto a AGPI é a que ten entre os seus fins o recoñecemento, o estudo, a promoción e a divulgación da ilustración en calquera das súas modalidades e en calquera dos medios de comunicación, expresión e difusión. Polo tanto, a AGPI posúe a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, así coma o de beneficiaria da actuación subvencionada e interese social da axuda concedida.



-Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Polo exposto, e co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

